



# + SO ÑAR

## CAMPAMENTOS PERNOITA

Aberta a  
preinscrición  
do **22 ao 24**  
de maio



Máis información  
en [coruna.gal](http://coruna.gal)

# CAMPAMENTOS MUNICIPAIS

## INFORMACIÓN CAMPAMENTOS TRADICIONAIS DE PERNOITA

### PERSOAS DESTINATARIAS

Para rapazas e rapaces nados do 1/01/2007 ao 31/12/2015

\*Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. Contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario.

\*\*Existen becas e reserva de prazas para menores usuarias/os dos programas sociais municipais.

### ESPAZO DE REALIZACIÓN

Albergue rural Vilariño de Conso (Ourense)

### CALENDARIO

**Preinscrición:** 22, 23 e 24 de maio na web [coruna.gal/campamentos2023](http://coruna.gal/campamentos2023) e [coruna.gal/servizossociais](http://coruna.gal/servizossociais).

\*Un mesmo menor pode solicitar, indicando a orde de preferencia, ata dúas quendas de campamento tradicional de pernoita.

\*\*No momento no que se formalice a preinscrición, a/o interesada/o recibirá un correo electrónico co resumo da mesma.

\*\*\*A preinscrición dos/das menores que soliciten praza de diversidade funcional acompañase dunha ficha de coñecemento persoal. Esta ficha permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/da menor.

\*\*\*\* As nenas e os nenos que soliciten praza de diversidade funcional, terán unha numeración e un sorteo propio.

### Publicación de listaxes de menores

**preinscritas/os:** 29 de maio

\*As listaxes poderán consultarse nas webs: [coruna.gal/campamentos2023](http://coruna.gal/campamentos2023) e [coruna.gal/servizossociais](http://coruna.gal/servizossociais) así como no 010 e centros cívicos.

**Reclamacións:** 30 e 31 de maio.

No teléfono 604 259 167. En horario de 9:30 a 19:30.

**Sorteo das prazas:** 1 de xuño as 10:00 horas.

**Publicación de listaxes de admitidas/os:** 6 de xuño

nas webs [coruna.gal/campamentos2022](http://coruna.gal/campamentos2022) e [coruna.gal/servizossociais](http://coruna.gal/servizossociais), no 010 ou nas portas dos centros cívicos.

**Inscrición e abono:** 7, 8 y 9 de xuño.

\*Se un/unha menor resulta admitido/a e ten irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todas/os obterán praza.

\*\*Unha vez formalizada a inscrición, non se terá dereito á devolución da cota do campamento excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

\*\*\*A inscrición supón a aceptación e o estricto cumprimento do horario do campamento no que se inscribiu. O feito de non cumprilo poderá supoñer a perda da praza.

As chamadas a list.a de espera faranse a partir do 13 de xuño.

Aquelas persoas que non dispoñan de medios informáticos para realizar a preinscrición por vía telemática, podrán chamar aos números:

**LIÑA 1:** 604 854 108

**LIÑA 2:** 634 093 865

**LIÑA 3:** 611 270 088

En horario ininterrompido de 9.00 a 20.00 horas.

**Información a partir do 7 de xuño de luns a venres no número 644 103 231 en horario de 9.30 a 20.00 horas.**

### QUENDAS

**1ª Quenda:** do 16 ao 22 de xullo 2023 (de 8 a 11 anos)

**2ª Quenda:** do 23 ao 29 de xullo de 2023 (de 12 a 16 anos)

**3ª Quenda:** do 30 de xullo ao 5 de agosto de 2023 (de 8 a 11 anos)

**4ª Quenda:** do 6 ao 12 de agosto de 2023 (de 12 a 16 anos)

### HORARIO

Todo o día.

### Nº PRAZAS

180

### COTA DE INSCRICIÓN

85,00 €

\*A cota do campamento inclúe o transporte e a comida diaria.

\*\*O número de conta para realizar o pagamento é **ES76 2100 4202 1822 0013 5451**, tendo que adxuntar á web o xustificante de pago así coma outra documentación que poida ser requirida.

As persoas que realicen a inscrición por teléfono terán que achegar o xustificante de pago ao correo: [hebecampamento@gmail.com](mailto:hebecampamento@gmail.com).

### ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

**+ INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN [CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2023](http://CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2023)**